

25 
**Ciudades Patrimonio
de la Humanidad**
ANIVERSARIO ESPAÑA | UNESCO



imagina
tu energía


PARADORES
Hoteles y Reservas en España



II CIRCUÍTO DE CARREIRAS CIDADES PATRIMONIO DA HUMANIDADE



Alcalá de Henares · Ávila · Baeza · Cáceres · Córdoba · Cuenca
Ibiza/Eivissa · Mérida · Salamanca · San Cristóbal de La Laguna
Santiago de Compostela · Segovia · Tarragona · Toledo · Úbeda



REGULAMENTO

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España organiza, xuntamente co EDP e Paradores, o II Circuito de Carreiras “Cidades Patrimonio da Humanidade”

O obxectivo principal do Circuito é dar a coñecer as 15 Cidades españolas Patrimonio da Humanidade (Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Ibiza/Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de La Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo e Úbeda) por medio das carreiras populares e, á vez, fomentar a actividade física deportiva, favorecendo a ocupación do tempo de lecer nunha das prácticas deportivas máis comúns e doadas de realizar como é a carreira a pé.

As distancias das probas que conforman o II Circuito de Carreira “Cidades Patrimonio da Humanidade” han variar entre os “10 km e a media maratón”.

As carreiras que compón o II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade celebraranse nas 15 Cidades que integran o Grupo anteriormente citadas e decorrerán total ou parcialmente na zona patrimonial de cada cidade.

Cada unha das 15 carreiras vai estar organizada por empresas, clubs ou concellos, e han ser estas entidades as responsábeis da súa organización e de realizar todas as actuacións para o seu desenvolvemento normal.

Os organizadores das probas que integran este circuito asumen, polo simple feito de inscribirse, este regulamento.

A denominación deste Circuito de Carreiras Populares será II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade, por ser o coordinador e principal patrocinador o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.

O II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade terá lugar entre marzo e decembro de 2019 e estará composto por 15 probas, das que haberá que finalizar 4 para optar á clasificación final do Circuito.

PROBA	DATA	DISTANCIA	WEB
Media Maratón Mérida Patrimonio de la Humanidad	10 de marzo	21,095 km	mediamaratonmerida.com
Carrera Entreculturas Ubeda	24 de marzo	10 km	correporunacausa.org
Media Maratón Cáceres, Patrimonio de la Humanidad	7 de abril	21,095 km	mediamaratoncaceres.com
Infernal Running Salamanca	28 de abril	Entre 6 y 8 km	infernalrunning.com/ infernal-running-salamanca-2019
Carrera nocturna SantYago10K	4 de mayo	10 km	santYago10k.es
Medio Maratón Ciudad de San Cristóbal de La Laguna	5 de mayo	10 km	deportelagunero.com
Cross urbano Andrés de Vandelvira de Baeza	8 de junio	13 km	baeza.es
Carrera Hoz del Huécar de Cuenca	16 de junio	15 km	hozdelhuecar.blogspot.com.es
Carrera Monumentrail Ciudad de Segovia	16 de junio	10 km	carreramonumental.com
Media Maratón Avila Monumental	20 de octubre	21,095 km	mmavilamonumental.com
Maratón y 10 kms de Alcalá de Henares	27 de octubre	10 km y 42,190 km	maratondealcala.com
La Cigarra Toledana	10 de noviembre	21,095 kms	cigarratoledana.blogspot.com.es
Mitja Marató + 10km Ciutat de Tarragona-Banco Mediolanum -Memorial Marbel Negueruela	24 de noviembre	10 km y 21,095 km	mitjatarragona.cat
EDP Media Maratón Córdoba 2019	24 de noviembre	21,095 km	mediamaratoncordoba.com
Cursa Popular Eivissa Patrimoni de la Humanitat	7 de diciembre	10 km	eivissa.es

INSCRIPCIÓN

Ao Circuito de Carreiras

Poderán participar no II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade todas as persoas que teñan cumpridos 18 anos o mesmo día do comezo da primeira proba que compón o circuito.

Para participar no II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade será obrigatorio que os corredores se inscriban por medio do formulario “en liña” hospedado na páxina web do Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade de España: www.ciudadespatrimonio.org.

A data límite para formalizar a inscrición en cada unha das probas será sempre o xoves anterior á celebración da carreira.

A inscrición ao Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade será gratuíta.

A inscrición a este circuito dá dereito a obter os premios establecidos nestas bases.

A inscrición a este circuito non supón a inscrición automática nas distintas carreiras que compón o circuito.

A cada unha das probas que compón o circuito.

Para participar nas distintas probas que compón o II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade, cada participante deberá inscribirse individualmente nas carreiras nas que desexe participar segundo as condicións e prazos establecidos para este efecto por cada unha das entidades organizadoras.

A inscrición no Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade non implica redución nin desconto na cota de inscrición establecida para cada unha das probas.

CATEGORÍAS

Establécense dúas categorías:

- Categoría absoluta masculina
- Categoría absoluta feminina

SISTEMA DE PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

A puntuación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas en todas as probas nas que participase o corredor, sempre que se acredite a finalización dun mínimo de 4 carreiras.

AVALIACIÓN	PUNTUACIÓN
Por participar	10 puntos
Por finalizar	10 puntos
Por quedar entre os 5 primeiros	10 puntos
Por quedar entre o 5º e o 10º	9 puntos
Por quedar entre o 11º e o 20º	8 puntos
Por quedar entre o 21º e o 50º	7 puntos
Por quedar entre o 51º e o 100º	6 puntos
Por quedar entre o 101º e o 200º	5 puntos
Por quedar entre o 201º e o 500º	4 puntos
Por quedar entre o 501º e o 1000º	3 puntos
Por riba do posto 1000	0 puntos

No caso de que se dea un empate final, considerarase:

- O número de probas realizadas.
- O maior número de mellores postos.



PREMIOS

Alén dos premios que cada deportista acade nas carreiras nas que compita, definidos polos organizadores, os participantes no II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade poderán acadar os seguintes premios:

POR CATEGORÍAS

Categoría absoluta masculina:

Primeiro clasificado: *Un premio de 1000 euros en metálico. Premio EDP: un ano de electricidade gratuíta. Premio Paradores: dúas noites de aloxamento en media pensión nun Parador*

Segundo clasificado: *Premio Paradores: dúas noites de estancia en aloxamento e almorzo nun Parador.*

Terceiro clasificado: *Premio Paradores: unha noite de estancia en aloxamento e almorzo nun Parador.*

Categoría absoluta feminina:

Primeiro clasificado: *Un premio de 1000 euros en metálico. Premio EDP: un ano de electricidade gratuíta. Premio Paradores: dúas noites de aloxamento en media pensión nun Parador*

Segundo clasificado: *Premio Paradores: dúas noites de estancia en aloxamento e almorzo nun Parador.*

Terceiro clasificado: *Premio Paradores: unha noite de estancia en aloxamento e almorzo nun Parador.*

POR FINALIZAR O CIRCUÍTO

Os 100 corredores mellor clasificados que finalicen un mínimo de 4 carreiras das que compón o II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade recibirán un premio especial, consistente nunha bolsa mochila con material informativo sobre as 15 Cidades Patrimonio da Humanidade.

Entrega dos premios

O premio final do primeiro clasificado e da primeira clasificada do circuito entregarase na última carreira. Será obrigatorio acudir á cerimonia de entrega do mesmo para poder optar ao premio final. No caso de non estar presente a persoa galardoada enténdese que rexeita o premio, quedando este vacante. Dende Cidades Patrimonio daranse facilidades para asistir á cerimonia.

Os restantes premios do II Circuito de Carreiras Patrimonio da Humanidade entregaranse con posterioridade ao día 8 de decembro de 2019, trala finalización da Carreira Patrimonio da Humanidade 10k de Ibiza, na forma na que estableza o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.

DESCUALIFICACIÓNS

Os motivos de descualificación das probas que compón o II Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade, amais dos incluídos nos regulamentos específicos de cada carreira, serán os seguintes:

- Por non levar o dorsal perfectamente colocado, en toda a súa extensión, no peito, durante todo o percorrido.
- Por participar cun dorsal asignado a outro participante.
- Por participar cun dorsal non autorizado pola Organización.
- Por realizar a inscrición erroneamente.
- Por non atender as indicacións da Organización.
- Por non realizar todo o percorrido establecido nalgunha das probas.

A decisión sobre a posíbel descualificación tomaraa, ben os servizos médicos, ben a Organización, sendo a súa decisión inapelábel. No tocante á descualificación, non se sumarán os puntos acadados para o circuito.

RECLAMACIÓNS

Logo de finalizada cada proba e publicar as clasificacións, establécese un prazo de 5 días útiles para efectuar as reclamacións que sexan oportunas. Non se aceptará ningunha reclamación feita fóra dese prazo. Logo dese prazo, as clasificacións serán definitivas.

As reclamacións seranlles presentadas ao Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade no correo electrónico: circuitocarreras@ciudadespatrimonio.org

RESULTADOS

Os resultados provisionais e definitivos, amais de calquera información de interese sobre o Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade e das probas que o compón, sairán na páxina web: www.ciudadespatrimonio.org

CLÁUSULA FINAL

Todos os participantes, polo feito de participaren nunha proba do Circuito, aceptan este Regulamento e o de cada unha das probas correspondentes, e aceptan seren inscritos con todos os dereitos e obrigas derivadas.

Todas as persoas inscritas no circuito e/ou nalgunha das carreiras que o compón, autorizan aos organizadores a utilizaren calquera medio de gravación, e ceden todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que se estime oportuna, sen dereito a percibir por iso compensación económica.

Cada unha das probas que compón o Circuito estará suxeita aos criterios que en cada caso establezan os organizadores.

